



ATA O PR3XIMO VENRES

O Sal3n 'Edugal' centra a s3a terceira edici3n na importancia da relaci3n entre a educaci3n e o mundo laboral

26.02.2014 Educaci3n insiste en que a Formaci3n Dual "3 una firme aposta" do Goberno galego

PONTEVEDRA. EP

O III Sal3n de Educaci3n e Formaci3n de Galicia 'Edugal' desenv3lvese dende este m3rcores e ata o pr3ximo venres envorcado na importancia da relaci3n entre a educaci3n e o mundo laboral a trav3s da formaci3n.

No acto de inauguraci3n participaron o director de Centros e Recursos Humanos da Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria, Jos3 Manuel Pinal, xunto 3 concelleira de Promoci3n econ3mica de Pontevedra, Carlota Rom3n e o director de Edugal, Eduardo Barros.

Manuel Pinal destacou que "a Formaci3n Dual 3 una firme aposta do Goberno galego 3 que a Lomce d3 o seu respaldo mediante o apoio das iniciativas que realicen conxuntamente centros de formaci3n e empresas".

Segundo dixo, tr3tase de que o alumnado logre unha cualificaci3n profesional axeitada, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe nun 3mbito laboral, "aproveitando as sinerx3as entre os centros educativos p3blicos e as empresas privadas".

Ao mesmo tempo o director de Centros comentou que "potenciar a FP dual permite achegar a formaci3n 3s empresas, logrando que a formaci3n responda 3s demandas dos empregadores; fomentado o emprendimento e afondando na relaci3n centro-empresa".

'Edugal' config3rase como un punto de encontro especialmente dirixido a pais, alumnado de cuarto diso, Bacharelato e FP, a orientadores, profesionais do ensino, centros educativos, empresas e formadores para o emprego e tam3n para aqueles que desexen retomar os seus estudos.

DIVERSOS ESTUDIOS

Durante estes d3as o recinto feiral alberga un espazo de stands informativos da oferta de FP, universitarios e outros estudos superiores, as3 como a de ensinanzas para a aprendizaxe de idiomas, de estudos no estranxeiro, e formaci3n militar.

Ademais, o sal3n ofrece informaci3n sobre bolsas, webs especializadas e portais de emprego, as3 como sobre as posibilidades de aplicaci3n das novas tecnolox3as ao ensino e a aprendizaxe.

Tam3n est3n presentes varios centros con stand propio como os IES Torrente Ballester, Luis Seoane e Chan do Monte; o CIFP A Xunqueira; as3 como as escolas superiores de Arte Dram3tica de Galicia e de Restauraci3n e Conservaci3n de Bens Culturais e o Conservatorio profesional de m3sica, Manuel Quiroga. Ademais no sal3n participan universidades e outras entidades educativas, tanto galegas como do resto de Estado.

A maiores da parte expositiva, o programa de actividades do evento compl3tase con 'Formaedugal', relatorios, charlas informativas, talleres e debates paralelos 3 actividade que se desenvolva nos stands.